

## Tarefa 5.2. Engade unha proba (cuestionario) no tema 3 do curso



### Tarefa 5.2. Engade unha "proba" (cuestionario) no

### tema 3 do curso

#### Obxectivos da tarefa

1. Familiarizarse cos distintos tipos de actividades dispoñibles en Moodle
2. Practicar a creación de probas (cuestionarios)

#### Como realizar esta tarefa

1. Accede ao espazo de prácticas, facendo clic no enlace "**Aula virtual de prácticas**" que aparece no bloque da esquina superior dereita deste curso.
2. Identifícate co usuario e contrasinal que che foi asignado para acceder ao espazo de prácticas.
3. Pulsa (fai clic) sobre o nome do teu curso, o que creaches e configuraches nas tarefas anteriores
4. Activa o **modo edición**.
5. No tema 3 do teu curso, pulsa no enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**" en engade unha "**Proba**" coas seguintes características:
  - **Nome** = Cuestionario do tema 3
  - **Sincronización** = As datas de "**Abrir a proba**" e "**Pechar a proba**" deben aparecer desactivadas.
  - **Cualificación** = Neste apartado debes seleccionar "**Intentos permitidos = 1**"
 Todos os demais apartados deben quedar sen modificación, é dicir, debes deixalos coa configuración que teñen por defecto.
6. Pulsa o botón "**Gardar e mostrar**".
7. Na seguinte pantalla que se mostra, aparece a mensaxe de que aínda non se engadiron preguntas. Aquí debes pulsar o botón "**Editar a proba**".
8. No recadro "**O BANCO DE PREGUNTAS CONTÉN**" pulsa o enlace "**Mostrar**" para que se mostren as preguntas do banco de preguntas que creaches anteriormente na **tarefa 4.5** deste curso.
9. Marca (selecciona) as preguntas que creaches anteriormente e pulsa o botón [ << ] "Engadir á proba", para que estas preguntas pasen a formar parte do cuestionario que estás creando.
10. Finalmente pulsa o botón "**Gardar**".
11. Volve ao curso e move (despraza) esta proba para colocala xusto debaixo da etiqueta "**Actividades**" (no caso de que apareza nunha ubicación distinta).

**IMPORTANTE:** Como mínimo **2 alumnos** matriculados no teu curso deben realizar esta proba, polo que deberás acceder ao teu curso primeiro entrando cos datos dun alumno e despois entrando cos datos do outro e responder ás preguntas desta proba.

**COMPROBACIÓN:** Accede ao menú "**Administración -> Administración do curso -> Cualificacións**" e comproba os resultados que obtiveron os teus alumnos.

#### Como enviar esta tarefa despois de realizada

Unha vez realizada a tarefa, debes enviala para corrixir seguindo estes pasos:

1. Entra na aula virtual de prácticas, identificándote co teu usuario "profesor" e entra no teu curso.
2. Copia a **dirección URL do teu curso** que aparece na barra de direccións do teu navegador de internet.
3. Pulsa o botón "**Engadir entrega**" que aparece na parte inferior desta tarefa.
4. Pega a **dirección URL** que copiaches anteriormente no recadro de texto que aparece aquí, en "engadir entrega".
5. Finalmente pulsa o botón "**Gardar os cambios**".